

Meira, 10 de febreiro do 2023.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0425

MONTERROSO

Anuncio

Na Xunta de Goberno de data 6 de febreiro de 2023, acordouse a aprobación do seguinte:

- Padrón correspondente ao ano 2023 de taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos ao no Centro Penitenciario.

A través do presente anuncio expónse ao público o citado padrón por un período de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos de exame e reclamacións, entendéndose elevado a definitivo se transcorrido o dito prazo de exposición pública, non se formula reclamación algunha.

Contra o acto de aprobación do padrón, e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interponer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición ó público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, de acordo con canto se establece no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 8 de febreiro de 2023.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0426

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

EMENDA DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 13 DE XANEIRO DE 2023, ALUSIVA Á CONVOCATORIA PARA PROVER UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

Advertido un erro na referida Resolución, procede realizar a seguinte emenda:

No apartado 3 das Bases específicas de Traballador social, onde di:

“terán un prazo de 10 días (dez) hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP Lugo)”

Debe dicir:

“terán un prazo de 10 días (dez) hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE)”

Negueira de Muñiz, 10 de febreiro de 2023.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0427

A PASTORIZA

Anuncio

EXP. NÚM 661/2022

PROCEDIMENTO: Bases que rexen a convocatoria e o proceso de selección para a cobertura en propiedade de tres prazas de peón de Servizos Básicos do Concello da Pastoriza.-

DECRETO ALCALDIA

DON PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA//Na Pastoriza, na data da sinatura

Vistas as bases que rexen a convocatoria e o proceso de selección para a cobertura en propiedade de tres prazas de peón de Servizos Básicos do Concello da Pastoriza.